

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos. Sección de Planificación de Recursos Humanos

Corrección de erro material na convocatoria do proceso selectivo para a elaboración dunha lista para postos de técnico financeiro tributario (A1)

ANUNCIO

Resolución 12439/2018 do 11/04/2018 pola que modifica a resolución número 11102/2018 de data 02/04/2018 pola que se convoca un proceso selectivo para elaborar unha lista de persoal funcionario interino e/ou laboral temporal para postos de técnico financeiro tributario

Por resolución da presidencia número 12439/2018 do 11/04/2018 resolveuse modificar a resolución número 11102/2018, por terse advertido un erro material ao omitir entre os requisitos dos aspirantes a licenciatura universitaria en Políticas. Subsanado o dito erro, de conformidade co disposto no artigo 109 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, haberá de entenderse que

Onde di:

Requisitos: Licenciatura universitaria en dereito, económicas ou empresariais, intendente mercantil ou actuario, ou Grao oficial universitario equivalente a estas titulacións.

Debe dicir:

Requisitos: Licenciatura universitaria en dereito, económicas, políticas ou empresariais, intendente mercantil ou actuario, ou Grao oficial universitario equivalente a estas titulacións.

A presente resolución, que pon fin á vía administrativa, é susceptible de interposición de recurso potestativo de reposición perante o Presidente desta Deputación, no prazo dun mes a contar desde a recepción da notificación desta resolución, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou directamente de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña, de acordo coa lei 29/1998, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

A Coruña, 12 de abril de 2018

O Presidente
PDFR 21179/2015 do 01/10/2015
O Deputado
Antonio Leira Piñeiro

O Secretario,

José Luis Almau Supervía

2018/2696